

# VIII ENCONTRO DE DEBATE SOBRE O MEDIO RURAL

Alternativas educativas de desenvolvemento rural comunitario



Organiza



Subvenciona



Colaboran



Toda a información en:

<http://www.nova-escola-galega.org>



## PROGRAMA do VIII Encontro de debate sobre o medio rural (Samos)

### SÁBADO, 7 DE MARZO DE 2015

- 9:30-10:00 Recollida de material e acto de inauguración
- Bloque 1: as políticas da Unión Europea con respecto ao rural**
- 10:00-11:00 *A importancia da Política Agraria Común (PAC) no desenvolvemento do mundo rural*  
Antón Fernández Oca (experto en desenvolvemento rural)
- 11:00-12:00 *Políticas de abandono do rural*  
Marco Celeiro Carvalho (Asociación Cultural O Iribio, Triacastela)
- 12:00-12:30 Descanso (con café e pastas)
- Bloque 2: a escola como recurso de desenvolvemento comunitario no rural**
- 12:30-13:15 *Camiñando cara a unha comunidade educativa no rural*  
Asociación Un paso polo futuro (CEIP de Samos)
- 13:15-14:00 Debate
- 14:00-16:00 Descanso (suxírese xantar no Restaurante A Veiga)
- 16:00-16:30 *Unha experiencia de escola viva e colaborativa (catro décadas despois)*  
Tareixa Vila Arrojo (mestra da montaña lucense)
- 16:30-17:00 *A experiencia da escola de Educación Infantil do Salteiro (Boiro)*  
Volanda Rendo Pérez (nai do Salteiro)
- 17:00-17:30 Debate
- 17:30-18:00 Descanso (con café e pastas)
- Bloque 3: o rural no currículo, como (non) está**
- 18:00-20:00 *O carácter desruralizante do currículo oculto: obradoiro de análise de materiais didácticos das etapas de Educación Infantil, Primaria e Secundaria*  
Santiago Quiroga García (mestre de Ed. Primaria)
- 20:00-20:30 Descanso (libre)
- 20:30-00:30 *Actuación de baile e canto tradicionais galegos*  
Alumnado do CEIP de Samos
- Presentación do conto inédito "Xaquín perseguía asubios"  
M<sup>lle</sup> José García García (mestra de Ed. Primaria)
- Recital poético en homenaxe ao poeta local Fiz Vergara Vilariño  
Marica Campo (escritora e poeta)
- Cea comunitaria e foliada nocturna  
Actuacións dos grupos *Gaiteiros de Goián* (Sarria) e *A volta do agro* (Lugo)

### DOMINGO, 8 DE MARZO DE 2015

- Bloque 4: propostas comunitarias de dinamización do rural**
- 9:30-11:00 Mesa redonda de experiencias de dinamización educativa no rural  
*Unha viaxe emocional á porta de Ancares, experiencia educativa*  
Cristina Lastra (mestra de Ed. Primaria) e Olalla Villaronga (psicóloga social)
- Aprendéndonos: crianza e proxecto educat. "Ganas" na aldea de Matavenero (León)*  
Neema Fernández e Juanjo Segovia (membros da comunidade de Matavenero)
- Proxecto comunitario pola autoxestión alimentaria, ecolóxica, tecnolóxica e da saúde en Xixirín (Arzúa)*  
Alfons (membro da comunidade de Xixirín)
- 11:00-12:00 Debate
- 12:00-12:30 Descanso (con café e pastas)
- 12:30-14:00 *Nos antipodas da escola. Aproximación ás educacións comunitarias rural-marxinais*  
Pedro García Olive (escritor, doutor en historia, antipedagogo e ex-profesor)
- 14:00-14:30 Entrega de certificados, acto de clausura e recital musical de despedida  
Representantes da Deputación de Lugo, do CEIP de Samos e de NEG  
*Mini e Mero* (mestres rurais e músicos)

#### FICHA TÉCNICA

Destinatarias/os: profesionais e estudantes dos eidos da educación ou o desenvolvemento rural, familias e calquera persoa preocupada polo futuro do medio rural

Matriculación (aba o 2 de marzo): parados/as e estudantes, 10€; socios/as de NEG, 30€; público en xeral, 35€. A matriculación dá dereito a un certificado de Nova Escola Galega por 15 horas de asistencia. PRAZAS LIMITADAS. Consciente da situación de crise económica que padecemos, a organización facilitará a asistencia ao encontro a calquera persoa interesada á que o custo da matriculación lle puidese representar unha limitación

Importante: para participar na cea do sábado hai que sinalar cun X no lugar correspondente da folia de inscrición. O custo aproximado será de 8€, a aboar na mesma cea

Inscricións: enviárase cuberto o formulario de inscrición xunto coa copia do ingreso bancario (nº de conta de NEG en ABANCA: E177 2080 0300 55 3040099500; indíquese nome completo, NIF e concepto "Matriculación Encontro Rural Samos") ao enderezo electrónico (ou ao enderezo postal) sinalados ao final. Toda a información no web <http://www.nova-escola-galega.org>

NOVA ESCOLA GALEGA  
Rúa das Hedras, 4-2º 15895 NOVO MILLADOIRO (Ames, A Coruña)  
Telf./Fax: 981-562577 [neg@mundo-r.com](mailto:neg@mundo-r.com)

## CONCLUSIONES

Onte domingo, 8 de marzo de 2015, concluíu o **VIII Encontro de debate sobre o medio rural** que baixo a temática “Alternativas educativas de desenvolvemento rural comunitario”, foi organizado polo grupo de educación no rural do movemento galego de renovación pedagóxica NOVA ESCOLA GALEGA.

Cunha concorrencia de case 60 persoas matriculadas máis unha vintena aproximadamente de membros da comunidade educativa local, ao longo da fin de semana fóronse desenvolvendo no CEIP de Samos as diversas actividades previstas no programa (cun elevado nivel de satisfacción, expresada formal e informalmente pola inmensa maioría de participantes), a partir das que se poden extraer as seguintes conclusións:

- A educación no medio rural está indisolublemente unida ao contexto, á cultura, á lingua propia, pero sobre todo ás comunidades rurais. Non se entende aquela sen estas. As actuacións educativas de éxito no medio rural acontecen especialmente cando se dilúen os muros psicolóxicos ou escolásticos que impiden a permeabilidade entre as familias e as aulas. As mellores escolas rurais son aquelas que integran a comunidade na súa actividade diaria, e ademais a propia escola sae do recinto escolar a interactuar coa comunidade.
- As diversas experiencias educativas expostas no Encontro, tanto de carácter escolar formal como de carácter libertario ou non formal, permiten afirmar que o medio rural segue a ser un laboratorio de innovación pedagóxica do que se poden extractar estratexias e ferramentas apropiadas mesmo para empregar en contextos urbanos.
- A presenza do medio rural no currículo e nos materiais curriculares das etapas de educación infantil, primaria e secundaria é escaso, e normalmente atópase asociado ao atraso, o tradicional, a falta de “cultura”, o propio de persoas que non tiveron outro remedio que quedar alí. Unha parte importante das actividades pedagóxicas do rural acubilla un currículo oculto que traballa para dominar, amansar e adocenas ao alumnado rural a través de fórmulas pedagóxicas máis ou menos convencionais.
- A acción pedagóxica é un recurso de desenvolvemento comunitario no rural de primeira orde, polo que debe ser posto en valor se queremos dinamizar a actividade social, económica e cultural nos contextos rurais.
- As políticas de desenvolvemento do rural que se precisan teñen que poñer o acento nas potencialidades endóxeas de cada contexto rural, e non en favorecer a depredación dos recursos naturais, que frecuentemente son esquilados por intereses económicos alleos ao rural, comprometendo en certos casos a cultura, os modos de convivencia e o patrimonio das zonas rurais.
- A educación no rural galego precisa ser considerada como unha dimensión máis dentro dun desexable plan de desenvolvemento integral do medio rural galego que tivese en conta máis elementos que os meramente económicos, os cales son imprescindibles pero non permiten valorar na súa complexidade e diversidade as razóns do despoboamento do rural, do avellentamento da súa poboación e, o que é máis problemático de cara ao futuro, da súa reducidísima taxa de natalidade. Os problemas do rural deben ser enfrontados con

carácter transversal e non unicamente sectorial (agricultura, turismo, sanidade, industria, educación, servizos sociais, infraestruturas, medio ambiente, cultura, etc.), e isto é unha responsabilidade especialmente das administracións.

A organización do Encontro, secundada en todo momento pola asociación UN PASO POLO FUTURO conformada pola comunidade educativa do CEIP de Samos, e co apoio da Vicepresidencia Primeira da Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Samos, quixo tamén ofrecer neste VIII Encontro unha mostra da diversidade e vitalidade cultural que abroia do medio rural.

Así, ao longo dos dous días de actividade houbo ocasión para compartir música, baile e canto tradicionais galegos, teatro, rap rural, música popular, e unha sentida homenaxe (con visita incluída á súa casa natal, na Lóuzara *xabreira*) a Fiz Vergara Vilariño cuxa lírica, auténtico diamante poético, foi e segue a ser verdade profunda das terras e das xentes desta parte do Courel.